

# MISIÓN COMERCIAL INVERSA COREA DO SUR

11-13 DE ABRIL 2023

Un dos **obxectivos do Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga)** é mellorar o posicionamento das empresas alimentarias galegas nos mercados internacionais. En liña co anterior, a Área de Mercados e Internacionalización de Clusaga organiza unha **misión comercial inversa con Corea do Sur** para estreitar **relacións comerciais** entre **empresas galegas e importadores e distribuidores deste mercado**.

A misión levarase a cabo a través de dúas modalidades. A **modalidade A** consiste na organización de **reunións** cos importadores por un custo de **200€** (3 reunións). A **modalidade B** inclúe, ademais, as **visitas a fábricas ou adegas** cos importadores, e ten un custo adicional de **200€**.

## O MERCADO SURCOREANO

Corea do Sur esixe especial atención por ser a **11ª economía do mundo** e a **4ª economía asiática** en termos de PIB. Tamén é o **9º maior importador** a nivel mundial de **mercadorías** e o **3º** a nivel asiático. Ademais é o **3º mercado máis importante para España en Asia**, despois de China e Xapón.

O mercado surcoreano é de especial interese para as empresas do sector da alimentación e as bebidas debido ao **elevado poder adquisitivo** da poboación coreana, a **occidentalización** dos seus gustos e o seu **interese pola cultura española**.

## PARTICIPACIÓN E SELECCIÓN

Esta misión inversa contará coa **participación de tres importadores ou distribuidores de alimentación e bebidas** procedentes de Corea do Sur.

Os **importadores invitados** serán quen seleccione, a partir das **fichas das empresas inscritas**, aquelas coas que desexen manter unha reunión, así como as fábricas que desexen visitar. Ademais, os importadores resérvanse o **dereito de desestimar tanto a reunión coma a visita** ás instalacións de empresas cuxos produtos non respondan aos seus intereses.

A participación nestes encontros inclúe tanto a confección dunha **axenda personalizada**, coma a **difusión dos perfís das empresas** entre os importadores invitados. Isto último levarase a cabo facilitando un **directorio** das empresas participantes aos importadores.

Os **encontros** de ambas modalidades serán **organizados por Clusaga**. As **reunións** terán lugar en **Santiago de Compostela** e a súa duración será de media hora aproximadamente.

[Formulario de inscrición](#)

## Máis información

- Data límite de inscrición: 23 de marzo de 2023.
- Custo de participación **modalidade A - Reunións**: 200€ (3 reunións). O prezo final axustarase ao número total de reunións axendadas.
- Custo de participación **modalidade B – Reunións e visita**: 400€ (200€/3 reunións + 200€/visita)
- Máis información: 881 043 687 / [international@clusaga.org](mailto:international@clusaga.org)